

ACORDO PARA O NOMEAMENTO PROVISIONAL DO PAS FUNCIONARIO NUN GRUPO OU SUBGRUPO SUPERIOR

En Vigo, a vinte e tres de outubro de dous mil dezaoto.

Dunha parte o Reitor da Universidade de Vigo, Manuel Joaquín Reigosa Roger.

E doutra, Xoán M. Cebro Rodríguez, na súa condición de Presidente da Xunta de Persoal Funcionario de administración e servizos da Universidade de Vigo.

EXPOÑEN

O 7 de novembro de 2016 publicouse no DOG a Resolución do 27 de outubro pola que se acorda a publicación da relación de postos de traballo (RPT) do persoal funcionario de administración e servizos da Universidade de Vigo. Posteriormente, por Resolución do 9 de marzo de 2017 (DOG nº 54 do 17 de marzo), convocouse o pertinente concurso de méritos para a provisión de postos de traballo do PAS funcionario, dimanante da nova RPT. O concurso resolveuse por resolución do 20 de xuño (DOG do 26 de xuño) e o persoal tomou posesión dos novos postos con data 28 de xuño de 2017.

A resolución do concurso produciu que quedaran postos vacantes na RPT funcionario, pola falta de persoal que posúa a condición de pertenza a un grupo ou subgrupo de titulación, conforme ao previsto no artigo 42 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia. Esta situación provoca unha mingua na eficacia, eficiencia e calidade esixible na prestación de servizos do persoal encargado da xestión, actividades técnicas e administrativas, apoio, asistencia e asesoramento na Universidade de Vigo

A Universidade de Vigo considera urxente e inaprazable a cobertura de postos da RPT vacantes, estimados esenciais para o correcto funcionamento dos seus servizos administrativos, , para o que resulta necesario habilitar fórmulas que, dentro do espazo normativo vixente, permiten aproveitar as posibilidades que ofrece o seu cadro de persoal.

Neste escenario a Universidade de Vigo, representada polo Reitor, e o persoal de administración e servizos, representado polo Presidente da Xunta de Persoal

Páxina 1 de 4

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

00008735s1800002054

CSV

GEISER-e24c-daa8-7d23-4c91-ab7d-30a5-e5bf-4a2f

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

23/10/2018 14:26:08 Horario peninsular

Validez del documento

Original



funcionario, estiman que é aconsellable promover a colaboración entre as dous partes, polo que:

ACORDAN

PRIMEIRO: Establecer, desde a data de publicación deste acordo, como especialidade de sistema de provisión de postos vacantes, o nomeamento provisional do PAS funcionario nun grupo ou subgrupo de titulación superior.

SEGUNDO: Este sistema especial de provisión rexeráse polas seguintes regras:

- A. O persoal funcionario de carreira da Universidade de Vigo poderá ocupar un posto de traballo desta, adscrito a un corpo ou escala dun grupo ou subgrupo superior ao que pertenza, e previa designación como funcionario interino do corpo correspondente, mediante o nomeamento provisional nun grupo ou subgrupo superior, cando o posto estea vacante de maneira temporal ou definitiva por non ter sido posible a súa provisión polos procedementos ordinarios.
- B. Para poder acceder ao nomeamento provisional nun grupo ou subgrupo superior, o persoal funcionario deberá acreditar os seguintes requisitos:
1. Requisitos xerais:
 - a) Ter a titulación esixida para acceder ao corpo ou escala ao que estea adscrito o posto.
 - b) Cumprir os requisitos establecidos, se é o caso, na RPT.
 - c) Ter unha antigüidade mínima de dous anos de servizo activo como persoal funcionario de carreira no grupo ou subgrupo de orixe.
 2. Requisitos específicos:
 - a) Para o nomeamento provisional en postos de traballo do subgrupo A1: Ser persoal funcionario de carreira dun corpo ou escala do subgrupo A2.




- b) Para o nomeamento provisional en postos de traballo do subgrupo A2: Ser persoal funcionario de carreira dun corpo ou escala do subgrupo C1.
- c) Para o nomeamento provisional en postos de traballo do subgrupo C1: Ser persoal funcionario de carreira dun corpo ou escala do subgrupo C2.
- C. Os nomeamentos provisionais non afectarán en ningún caso á cobertura de postos de traballo cuxa forma de provisión sexa a libre designación.
- D. No caso de postos de traballo adscritos a dous ou máis grupos ou subgrupos de titulación, o nomeamento provisional só se poderá realizar no grupo ou subgrupo inferior.
- E. A selección do persoal funcionario de carreira que pode ser obxecto de nomeamento provisional nun grupo o subgrupo superior, levarase a cabo conforme ao previsto na cláusula cuarta do acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo, do 23/03/2009 (DOG nº 67 do 7/04/2009).
1. Elaborarase unha listaxe co persoal que tivese superado, cando menos, un dos exercicios obrigatorios da fase de oposición do último proceso selectivo de promoción interna convocado. A lista elaborarase sumando:
 - A puntuación obtida nos distintos exercicios, que comezará polos candidatos que os superen todos e descenderá sucesivamente ata os que só superasen o primeiro.
 - A puntuación da fase de concurso do sistema de acceso correspondente.
 2. No suposto de esgotarse a lista correspondente ao último proceso selectivo, procederase, nas mesmas condicións, ao chamamento ao persoal que cumpra os requisitos preceptivos da letra a), en anteriores procesos selectivos de promoción interna.



- F. O persoal nomeado provisionalmente cando ocupe, como persoal funcionario interino un posto de traballo na Universidade de Vigo que estea adscrito a un corpo ou escala superior ao de pertenza, será declarado na situación de excedencia voluntaria por nomeamento provisional nun grupo ou subgrupo superior. O período de permanencia nesta situación da dereito á reserva do posto de traballo de orixe do cal sexa titular.
- G. O persoal nomeado provisionalmente nun posto dun grupo ou subgrupo percibirá as diferencias retributivas que correspondan entre o seu posto de traballo e o efectivamente desempeñado.
- H. A estes nomeamentos provisionais aplicaráselle de xeito supletorio o réxime xeral do persoal funcionario interino.
- I. É competencia da Xerencia, oída a Xunta de Persoal, a decisión motivada da pertinencia de utilizar esta forma de provisión temporal de postos.

E, en proba de conformidade co aquí establecido, asinan ambas partes o presente acordo por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezado.


Pola Universidade de Vigo



Manuel Joaquín Reigosa Roger

+

Pola Xunta de Persoal



Xoán M. Cebro Rodríguez

